



SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre mediante o sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría de enxeñeiro/a técnico/a forestal na Axencia Galega da Industria Forestal*

TEXTO:

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consumen taxa de reposición.

En virtude do Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade





*no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

A dita lei recolle que, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016.

Así mesmo cómpre sinalar que en desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba *a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Consellería de Facenda e Administración Pública, no uso das competencias que lle atribúe a dita Lei 2/2015, do 29 de abril, (en diante LEPG),*

DISPÓN:





Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de concurso, para o ingreso na categoría de enxeñeiro/a técnico/a forestal (categoría 7) corresponden a dúas prazas no Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira CIS-Madeira (San Cibrao das Viñas – Ourense) na Área de Innovación Forestal

## I. Normas xerais.

I.1 O obxecto do proceso selectivo será cubrir dúas prazas da categoría de enxeñeiro/a técnico/a forestal (categoría 7) que se especifican nos anexos desta convocatoria correspondentes á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

O sistema selectivo será o de concurso.

I.1.1. Nos respectivos anexos especificanse as prazas que poden ser cubertas pola quenda de discapacidade.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade non obtén praza, pero a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacións de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios si os houbera e á relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todas as persoas aspirantes que





o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de praza pola que participasen.

I.1.2 As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na base I.1.1, opten ás prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas.

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, A Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021, a Lei galega de medidas urxentes de redución da temporalidade así como o convenio colectivo de aplicación no ente.

I.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG) desta convocatoria e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos, excepto para os requisitos de titulación que se estará ao disposto na base I.2.3.





I.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación do anuncio no DOG da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, o título esixido como requisito ou súa equivalencia. A tal efecto, e para o suposto que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, sinalarase polo órgano convocante un prazo de presentación nun momento anterior á confección polo tribunal ou comisión de selección da listaxe de persoas. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas aprobadas.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos





estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

O anexo II correspondente establece a titulación esixida.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que estean en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

I.2.4. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.





I.2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence a mesma categoría e grupo obxecto desta convocatoria.

### I.3 Solicitudes.

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no anexo I da presente convocatoria e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día 16 de xaneiro.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude preferentemente nas dependencias da entidade, debidamente cumprimentada e asinada polo interesado/a, xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos nas bases.

Ditas instancias deberán ir dirixidas ao director da Axencia Galega da Industria Forestal - XERA sita en Santiago de Compostela Avenida Fernando Casas Novoa, 38 (San Lázaro) en horario de 9:00 a 14,30 horas (de luns a venres)





Tamén poderán presentarse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativa común das administracións públicas; neste caso, o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación á Axencia Galega da Industria Forestal mediante correo electrónico [xera.cmr@xunta.gal](mailto:xera.cmr@xunta.gal) no mesmo día da presentación. O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio

O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web da Axencia Galega da Industria Forestal.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditarlo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar na modelo de solicitude si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditarlo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.







2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditarlo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

**Do importe total da taxa:**

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

**Do 50% do importe:**

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

1.3.4 Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:





**Pagamento presencial:** deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

A Entidade devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa Axencia Galega da Industria Foresta no número 881-995476, das 8.30 ás 20.00 horas, de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00 horas.

I.3.2 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día 16 de xaneiro de 2023.

I.3.3 As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de





abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

b) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.

c) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.

d) Copia do título do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)

e) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

f) Documentación xustificativa dos méritos alegados. Deberá incluírse no impreso da instancia unha relación nominal dos méritos achegados.

Os méritos alegados deberán referirse a data de publicación do anuncio no DOG da resolución da convocatoria.





O procedemento de acreditación de méritos figura no anexo II da presente convocatoria

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

#### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Axencia Galega da Industria Forestal aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución cuxo anuncio de exposición será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo <https://xera.xunta.gal/procesos-selectivos> da Axencia Galega da Industria Forestal.

Xunto coa resolución anterior, a Axencia Galega da Industria Forestal, no portal web corporativo <https://xera.xunta.gal/procesos-selectivos>, a listaxe de persoas aspirantes que teñen pendentes de acreditar estar en posesión do Celga requirido.

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do Celga requirido.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución do director da Axencia Galega da Industria Forestal que cuxo anuncio de exposición será publicado no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo do ente.





Xunto coa resolución anterior, do director da Axencia Galega da Industria Forestal, no portal web corporativo <https://xera.xunta.gal/procesos-selectivos> , a listaxe de persoas aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega requirida.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## II. Proba de coñecemento da lingua galega.

A dita proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao corpo grupo escala ou categoría ao que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido. Para a categorías da presente convocatoria, o nivel de galego esixido será o Celga 4.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para os grupos e categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga 4.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas





será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos indicativo

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá ao tribunal ou comisión de selección determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web <https://xera.xunta.gal/procesos-selectivos> da Axencia Galega da Industria Forestal.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG da resolución pola cal a Dirección Xeral da Función Pública publica as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa





disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución do tribunal ou comisión de selección.

I.4.3.3. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

I.4.3.4. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal ou comisión de selección, acredite a súa identidade.

I.4.3.5. O exercicio realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal ou comisión de selección e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

I.4.3.6. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal ou comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade.

I.4.3.7. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.





Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal ou comisión de selección, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

O tribunal ou comisión de selección acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

I.4.3.8. Se o tribunal ou comisión de selección, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG.

I.4.3.9. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo da Axencia Galega da Industria Forestal (apto ou non apto)

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio da resolución de exposición da Axencia Galega da Industria Forestal do tribunal ou comisión de selección pola que se fan públicas as puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega.

I.4.3.10. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ou comisión de selección tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa







aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á o titular da Axencia Galega da Industria Forestal para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a o titular da Axencia Galega da Industria Forestal propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a orde que corresponda.

I.4.3.11. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal ou comisión de selección establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal ou comisión de selección acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

### III. Proceso selectivo

#### Fase de concurso

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que acreditaron o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaron a proba:

#### III.1.1) ) Méritos a valorar





III.1.1.1 a) Experiencia profesional, un máximo de setenta (70) puntos.

a) Experiencia profesional acreditada no ente convócate, na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente enxeñeiro/a técnico/a forestal, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas.

b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración distinta do ente convócate na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos. ou por 0, 125 puntos segundo corresponda.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.





Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

III.1.1.1 b) A experiencia profesional no ente convócate apreciarase de oficio pola mesmo mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal do mesmo.

III.1.1.2) Outros méritos ata un máximo de 30 puntos.

a) **Formación**, un máximo de dezasete puntos e medio (17,5) puntos

Cursos de formación. Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia ou das entidades que figuran no anexo IV da presente convocatoria; cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; e cursos impartidos por Universidades.

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,40 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 17,5 puntos.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as





probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

b) **Galego:** ata un máximo cinco (5) puntos.

- Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de 5 puntos.

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 4 puntos.

- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

c) Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos de data posterior ao 1.01.2001 para adquirir a condición de persoal laboral fixo do ente convócate que se atopen finalizados ou coa fase de oposición finalizada para o acceso á mesma escala ou categoría profesional que se convoque. Valorarase 2,5 puntos por





cada proba selectiva ou exercicio superado ata un máximo de 7,5 puntos.

Para estes efectos, non se terán en conta as probas superadas para acreditar o coñecemento do idioma galega ou as probas psicotécnicas.

O méritos referidos a dito apartado c) apreciaranse de oficio polo ente convocante.

III.2. Os méritos enumerados nas bases III.1.1 deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza polo ente convocante e cuxo anuncio de exposición na paxina <https://xera.xunta.gal/> do ente será publicado no DOG.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

III.3 Rematado o prazo de acreditación de méritos, o tribunal ou comisión de selección ou no seu caso a comisión de selección procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da do ente convocante e publicara a puntuación resultante no DOG.

Contra a baremación, provisional as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal ou comisión de selección, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal ou comisión de selección , procederá ao anuncio de publicación na paxina web do ente no DOG da baremación definitiva da fase de concurso.





III.4. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Para poder superar o proceso selectivo será necesario acadar unha puntuación mínima de trinta (30) puntos.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

#### IV. Comisión de selección

IV.1 A comisión de selección do proceso será nomeado por resolución do órgano convocante, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.2. As persoas que formen parte da comisión de selección deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de





2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada ao órgano convocante.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes da comisión de selección cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

IV.3. A autoridade convocante publicará na praxina <https://xera.xunta.gal/procesos-selectivos> do ente convocante a orde correspondente pola que se nomeen os novos integrantes da comisión de selección que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

IV.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento da comisión de selección no DOG ou do remate de presentación de solicitudes de establecidos os mesmos na presentes bases. Na dita sesión a comisión de selección adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

IV.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida da comisión de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.





IV.6 O procedemento de actuación da comisión de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

IV.7. Por cada sesión da comisión de selección levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

IV.8. A Presidencia da comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da proba de galego sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

A comisión de selección excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración da dita proba (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

IV.9. A comisión de selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular do órgano convocante.

IV.10. A comisión de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para







tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, a comisión de selección tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

O órgano convocante determinará o número máximo de sesións autorizado ao tribunal ou comisión de selección e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

IV.12. A comisión de selección non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.2.9.

IV.13. Os acordos adoptados pola comisión de selección do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

IV.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes á comisión de selección dirixiranse á persoa titular do órgano convocante.

V. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

V.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:





En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración ou entidade convocante.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da entidade convocante.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Nos procesos mediante o sistema de concurso – oposición, o segundo criterio de desempate será a puntuación obtida na fase de oposición.

V.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, a comisión de selección publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución propondrá o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

VI. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o director da Axencia Galega da Industria Forestal no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnalas directamente ante a sala do contencioso-administrativo do





Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

Jacobo José Aboal Viñas





## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO:

ENTE	SISTEMA DE SELECCIÓN	CATEGORÍA	GRUPO/SUBGRUPO	TIPO DE PERSOAL	PRAZAS CONVOCADAS
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA)	CONCURSO	Enxeñeiro Técnico Forestal	II	Laboral	2

### DATOS PERSOAIS

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				

FAMILIA NUMEROSA	DE CARACTER ESPECIAL DE CARACTER XERAL
------------------	--

DISCAPACITADO	PORCENTAXE QUENDA SI
---------------	----------------------

DEMANDANTE DE EMPREGO
-----------------------

TIPO DE ADAPTACIÓN SOLICITADA
-------------------------------

IDIOMA DO EXAME
-----------------

### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Copia do D.N.I
- Documentación que acredita a condición de familia numerosa.
- Documentación que acredita a condición de persoa con discapacidade
- Documentación que acredita a condición de persoa demandante de emprego
- OUTRA (Meritos)

Lugar e data:  
Sinatura

Asdo.: .....





ANEXO II  
**Acreditación de méritos**

Experiencia profesional	<p>A experiencia profesional no órgano convocante apreciarase de oficio.</p> <p>A experiencia profesional noutras administracións públicas acreditarase mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal do centro ou órgano, na cal deberá constar a seguinte información: denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, tipo de vínculo (fixo, temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>As situacións de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, violencia de xénero, violencia sexual ou violencia terrorista acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola unidade competente na que deberán constar as datas de inicio e fin.</p>
Cursos de formación e cursos de galego	<p>Acreditaranse os cursos mediante orixinal ou copia electrónica auténtica do certificado de asistencia e superación do curso, en que deberán constar a denominación do curso, o organismo ou entidade que acreditou a actividade formativa, as datas de realización e o número de horas lectivas.</p> <p>No suposto de cursos impartidos no marco do AFEDAP ou AFCAP deberá constar o logotipo do respectivo acordo</p>
Superación de exercicios de procesos selectivos	<p>De oficio, de ser o caso</p>
Documentos electrónicos	<p>Os documentos electrónicos administrativos para ser considerados válidos deberán cumprir as esixencias do artigo 27 da lei 39/2015.</p>





autenticación de documentos	<p>As copias en soporte papel de documentos electrónicos deberán conter un código de verificación, que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos de órgano emisor. Un documento electrónico en formato papel que careza dun sistema de verificación terá a consideración de copia simple.</p> <p>As copias que se acheguen dos documentos acreditativos de méritos deberán estar autenticadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p> <p>Todas as referencias contidas nestas bases á exigencia de copia electrónica auténtica dun documento se fan extensivas, nos mesmos termos, á copia electrónica auténtica.</p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p>
Tradución de documentos	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</li><li>b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</li><li>c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</li></ul>

